



<b>TÍTULO:</b>	“Arquitecturas da despoboación. Estructura do abandono no hábitat rural galego: razón e futuro”
<b>AUTOR:</b>	Paula Cores Barral
<b>DIRECTOR:</b>	Juan José Creus Andrade
<b>UNIVERSIDADE:</b>	Universidade da Coruña
<b>PROGRAMA:</b>	Programa Oficial de Doutoramento en Arquitectura e Urbanismo
<b>DATA DE INICIO:</b>	Outubro 2020. Plan de Investigación Aprobado

## RESUME:

O mundo rural leva en declive dende hai décadas. Concellos galegos como Ortigueira, Guitiriz ou Pantón, que aumentaran considerablemente a súa poboación a principios do século XX, sufriron unha constante diminución da súa poboación ao longo do século, alcanzando cifras inferiores<sup>1</sup> a 1842 en 2019. Estas oscilacións da poboación están asociados a numerosos factores que producen problemas complexos no noso territorio como son o baleirado e abandono de entidades de poboación únicas.

Os antigos habitantes das entidades baleiradas, de clase campesiña, mantiñan unha profunda racionalidade ecolóxica no uso da terra e dos seus recursos, así como unha integración amable do seu hábitat no territorio. Os modos de vida actuais, fundamentados no capitalismo, non os tiveron en conta dende o principio. Para Max e Engels, o mundo campesiño resultáballes “*alleo e irrelevante. Tiñan claro que os campesiños serían eliminados polo progreso social*”<sup>2</sup>. Plantaron a semente que desataría na súa práctica desaparición, ao longo do século XX.

A sociedade centraba todos os seus esforzos na cidade e o campesiñado viuse obrigado a dirixirse cara ela en busca dunha vida digna na era do progreso. Os estudos e accións no territorio centráronse nela, na cidade, tratando de responder a tal avalancha, mentres o aumento de edificios en ruínas ao longo do territorio íase sucedendo. Aos poucos, os estudos e intervencións no territorio comezan a estenderse máis alá da cidade, cara ao resto do territorio habitado, pero sen chegar a apreciarse unha profunda análise arredor das aldeas e arquitectura en ruína. Como consecuencia, parte do noso territorio estaba a desprazarse cara ás *marxes* e, analizando as cifras actuais de 1.807 entidades de poboación deshabitadas<sup>3</sup> na área galega, resulta necesario e esencial dedicar certa atención ao problema.

O proxecto de investigación tenta, neste contexto, ampliar os estudos do territorio cara os territorios nas *marxes* e en ruína, co obxectivo de comprender e analizar o feito estrutural que provoca o abandono do noso hábitat rural. Unha vez entendido o *deshabitar*, búscase atopar unha aproximación ao *rehabitar*. Para iso, invéstigase a dous niveis diferenciados e interconectados: o contexto territorial e o deterioro rural; complementado cun terceiro nivel: a área de estudo.

Este último céntrase en dúas rexións marcadas pola despoboación, con estruturas do hábitat fortemente diferenciadas, definidas por Abel Bouhier como “*Eidos de Cerrados das Zonas Montañas Setentrionais*” (contorna da Serra da Faladoira) e “*Grandes Openfields do Extremo Sureste*” (Pena Trevinca e arredores). Cada nivel analízase ao longo de catro fases de estudo, baseadas en catro accións: *observación* (recoller), *conversa* (analizar), *faceres* (propoñer) e *saberes* (compartir); todos eles entendidos como un proceso evolutivo da propia investigación.

A fase de *observación* tómase como punto de partida esencial. Nela realízanse visitas de campo<sup>4</sup> á área de estudo para a recollida de datos *in situ* en torno a cuestións relacionadas coa accesibilidade, servizos, estado de conservación, uso do solo, materialización, formas, etc. Grazas ás visitas de campo xunto coa cartografía existente das rexións visitadas, realizadas por autores como Abel Bouhier ou José Glez-Cebrián Tello, traballárase en dúas aldeas para un achegamento detallado ao tema obxecto de estudo.

<sup>1</sup> Datos obtidos do Instituto Nacional de Estadísticas (INE), “*Cifras de Población*”. Ortigueira: 5.230 habitantes (1842), 23.845 hab. (1940), 5.671 hab. (2019). Guitiriz: 4.039 hab. (1842), 12.507 hab. (1940), 5.484 hab. (2019). Pantón: 4.790 hab. (1842), 11.450 hab. (1940), 2.542 hab. (2019). Data de consulta: decembro de 2020.

<sup>2</sup> Marc Badal, *Vidas a la intemperie. Nostalgia y prejuicios sobre el mundo campesino*. Mundo clausurado (Logroño: Pepitas de Calabaza SL, 2018).

<sup>3</sup> Datos obtidos do Instituto Galego de Estadísticas (IGE), “*Nomenclator*”. Datos descargados e analizados tendo en conta a variable de 0 habitantes por entidade en 2019, sen ter en conta a súa densidade ou número de edificacións totais. A Coruña: 648 entidades. Lugo: 817. Ourense: 171. Pontevedra: 171. Data de consulta: outubro de 2020.

<sup>4</sup> Mapa “*Arquitecturas de la despoblación*”. Elaborouse un mapa interactivo das visitas de campo programadas para a fase *observación* compartido pola autora do presente documento a través Google Map.